



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 08 DE XUÑO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:10 horas do día 08 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 06-06-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 1 a) , 2 a) 5 a), 6 a) e 7 a)) .
Dna María José Loureiro (asiste ao punto 4 a) e b)).
D. Antonio Villanueva Guimerans (asiste ao punto 5 b) e c) e 6 b e c)).
Dna Carmen Pintado (assite ao punto 8 a)).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 04-05-2016.

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

b) Acta da sesión de 11-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

c) Acta da sesión de 18-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

d) Acta da sesión de 06-06-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 7993-307).

Deuse conta en primeiro lugar polo Secretario da Mesa que á única oferta Actividades de Construcción, Edificación y Viales S.L presentou unicamente dentro do prazo os sobres A e C, o sobre B da súa proposta o entregou o día 06-06-2016 cando o prazo de presentación de ofertas xa rematara (o fixo o 04-06-2016).

A mesa por unanimidade acorda

“1º Exluir a oferta presentada pola empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales S.L., pis de acordo coa cláusula 13 b) do prego de cláusulas administrativas particulares é unha causa de exclusión de ofertas non presentar a documentación esixida no apartado 7.A. Das FEC, e esta documentación neste caso foi presentada fora do prazo outorgado para a presentación de ofertas.

2º Propoñer a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 7993-307).

3.- Apertura de documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 7993-307).

Non se tratou este asunto xa que o procedemneto se declarou deserto.

4.- Apertura de ofertas económicas.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Danza. (expediente 17499-332).

En acto público abriuse o sobre C “Documentación técnica e oferta económica” das ofertas presentadas.

1. D. Wenceslao Cabezas del Toro: propón un prezo de 266.632,08 euros, se compromete a efectuar 58 horas de cursos e 10 días de actividades adicionais.T.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A oferta admitida pasa a informe do xervizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de Música. (expediente 17497-332)

En acto público abriuse o sobre C "Documentación técnica e oferta económica" das ofertas presentadas.

1. Esmuvigo, Sociedade Cooperativa: propón un prezo de 788.880euros, se compromete a efectuar 60 horas de cursos e 10 días de actividades adicionais.T.

A oferta admitida pasa a informe do xervizo xestor.

5.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).

Faise entrega do informe da xefa de Patrimonio Histórico de 02-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación final da oferta.

b) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694- 113).

Faise entrega do informe do xefe de Administración Electrónica de 06-06-2016 de valoración da oferta presentada.

c) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Faise entrega do informe do xefe de Administración Electrónica de 06-06-2016 de valoración da oferta presentada.

6-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).

Acéptase o informe da xefa de Patrimonio Histórico de 02-06-2016 dos criterios de valorables mediante formula e clasificación final da oferta.

b) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

A Mesa a vista do informe do xefe de Administración Electrónica de 06-06-2016 de valoración da oferta presentada acorda iniciar o procedemento de negociación e solicitar unha mellora e aclaración da oferta presentada.

c) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística. (expediente 7695-113).

A Mesa a vista do informe do xefe de Administración Electrónica de 06-06-2016 de valoración da oferta presentada acorda iniciar o procedemento de negociación e solicitar unha mellora e aclaración da oferta presentada.

7.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).

Primeiro: Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 18 de maio de 2016 de “excluir da licitación a proposta presentada pola mercantil Excluir da licitación a Xeitura, xestión Integral de Patrimonio Cultural Sociedade Cooperativa Galega por non declarar la solvencia técnica.”

“Segundo.- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307), de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no . (expediente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

17478-332)” no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULAS	PUNTUACIÓN TOTAL
VAN DIVULGACIÓN CULTURAL	14	76,19	90,19
ESTELA LOXÍSTICA PROXECTOS	14	75,80	89,80
ROSA PEREIRA MUÑOZ	15	26,27	41,27

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto: *Requirir ao citado licitador o aboamento de 731,5 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

8.- Proposta de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (exped 429-449).

Constatda pola mesa de Contratación que a Xunta de Goberno celebrada o 27 de maio de 2016 desestimou as alegacións presentadas pola empresa Empark Aparcamientos y Servicios S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (exped 429-449).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de abril de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto a) para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (expediente 429-449)” no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. SABA APARCAMIENTOS, S.A.	78,86
2. INTERPARKING HISPANIA, S.A.	77,04
3. EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, S.A.	68,4
4. CONTINENTAL PARKING, S.L.	64,63
5. UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	61,19

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SABA APARCAMIENTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.416,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar Saba Aparcamientos, S.A., o día 03 de maio de 2016, que presenta a documentación requirida en data 12 de maio 2016, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 08 de xuño de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, Saba Aparcamientos, S.A., é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por Saba Aparcamientos, S.A

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Saba Aparcamientos, S.A o procedemento **aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (exped 429-449)** coas seguintes prestacións adicionais:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Un 16,67 % de diminución do importe da tarifa minuto máxima fixado na cláusula 8 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcamento.
- Un 60 % de diminución do importe dos abonos mensuais de automóbiles previstos na cláusula 8 PCAP a aplicar ós residentes.
- Un 55 % de diminución do importe fixado para os abonos mensuais de automóbiles na cláusula 8 PCAP.
- Un 8,33 % porcentaxe de rebaixa sobre o importe máximo fixado na cláusula 8 para a tarifa minuto nas estancias de rotación que non superen os 60 minutos.
- Un 100 % porcentaxe de rebaixa sobre o importe máximo fixado na cláusula 8 para a tarifa minuto nas estancias de rotación que non superen os 15 minutos.
- Un 79,61 % porcentaxe de incremento das prazas reservadas para residentes, resultando un total dun 35,92 % das prazas do aparcadoiro reservadas a residentes.
- Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 en 5.000 euros/ano.
- Un 85 % de diminución do importe fixado para o abono mensual de motocicletas na cláusula 8 PCAP.
- Un un 90 % de diminución do importe dos abonos mensuais de motocicletas previstos na cláusula 8 PCAP a aplicar ós residentes.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:25 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:53	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A246-E7CFE6-BCB858-TRRNE6-EHZSVG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		